



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés e Carmen Acuña do Campo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Club de Atletismo de Cuntis conta cunha longa traxectoria de traballo que deu uns resultados máis que positivos ao longo dos últimos 15 anos. Boa mostra, son os máis de 100 campións e campioas provinciais e autonómicos, a participación de atletas deste club en campionatos internacionais, ou os logros conseguidos a nivel estatal mesmo acadando a parte máis alta do Podio. Con todo isto, o Club Atletismo de Cuntis ben contribuíndo a reforzar a boa imaxe do deporte galego a todos os niveis.

Estes resultados, froito do gran esforzo de moitas persoas (atletas, directivos e directivas do Club, adestrador...) crearon a necesidade de contar cunhas instalacións deportivas de acordo ao nivel acadado polo Club.

Dende o Concello, apostouse claramente polo atletismo coa previsión dunhas pistas de atletismo arredor do campo de Fútbol de As Canteiras.

Dende entón, o Goberno Municipal mantivo unha intensa loita na busca de recursos que fixeran desa previsión unha realidade.

Despois da decepción de varias promesas incumpridas do Goberno do Sr. Fraga, a chegada do novo Goberno abriu unhas expectativas, que recentemente se están facendo realidade co comezo das obras de execución do proxecto.

Está claro, que a relevancia do proxecto non está só no feito de contar cunhas pistas de Atletismo onde poidan prepararse os deportistas para competir, senón que ademais ditas pistas deben ser homologadas para competicións oficiais a todos os niveis.



Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa reposta oral en Comisión:

1.- Porque se fan seis rúas en curva e oito en recta e non oito tamén en curva?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.- As pistas de Atletismo de Cuntis estarán homologadas para competicións oficiais?

3.- Cal é a data prevista para o remate da execución das obras?

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Carmen Acuña do Campo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 04/11/2008 16:55:12

María del Carmen Acuña do Campo na data 04/11/2008 16:55:20